XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES MONTE DA VILA
Bouzas, 22 - 36980 - O Grove (Pontevedra)
Tfno.: 886151412- Fax: 886151417 - Apdo. correos 88
Email: ies.monte.vila@edu.xunta.es

# PLAN DE ORIENTACIÓN

## Curso 2022-2023

# ÍNDICE


**1**. INTRODUCCIÓN

**2**. MARCO TEÓRICO

**3**. XUSTIFICACIÓN E CONTEXTO

**4**. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
- **4.1**. Infraestructura e dotación
- **4.2.** Componentes do Departamento de Orientación
- **4.3.** Funcións do Departamento de Orientación
- **4.4.** Funcións específicas da Orientadora
- **4.5**. Funcións específicas do Profesor de P.T.
- **4.6.** Funcións dos profesores de ámbito

**5**. PRINCIPIOS BÁSICOS QUE REGULAN A ACTIVIDADE ORIENTADORA
- **5.1.** Intervención coas familias**.**

**6**. PLANIFICACIÓN XERAL
- **6.1** Avaliación de necesidades
- **6.2** Definición das accións prioritarias
- **6.3** Liñas prioritarias de actuación
- **6.4.** Obxectivos xerais

**7**. ÁMBITOS DO PLAN DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
- **7.1** Concreción do Plan de medidas de atención á diversidade
- **7.2** Cocreción do Plan de acción titorial
- **7.3** A acción titorial na Formación Profesional Básica
- **7.4.** A acción titorial no Bacharelato e Ciclo Formativo de Grao Medio
- **7.5**. Concreción do plan de orientación académico e profesional

**8.** ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

**9.** FORMACIÓN DEL PROFERADO

**10.** AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

**11.** PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA PROFESOR DE PT

**13.** PROPOSTAS DE MELLORA

**14.-** AULA DE PT E DEPARTAMETO DE ORIENTACIÓN.

## 1.- INTRODUCCIÓN

Considérase a Orientación inherente á propia educación e trata de contribuír á formación e asesoramento de toda a Comunidade Educativa. A Orientación e a acción titorial convértense nun dos factores determinantes de calidade e mellora do ensino, é máis non se comprende unha sen a outra. De feito os titores e titoras son os primeiros orientadores e orientadoras porque que fan a detección de necesidades de primeira man.

Enténdese a Orientación como un proceso de axuda continuo e sistemático que comeza coa escolarización do alumnado e remata ao termino do ensino non universitario.

Por outro lado o marco de intervención debe adaptarse ás necesidades da comunidade educativa e óptase, de maneira xeral, por un modelo, sistémico e inclusivo que permita respostar aos principios de prevención, intervención social e desenvolvemento persoal, respetando a igualdade de oportunidades. Nesta liña están elaborados os Plans de Orientación do Centro, en coherencia co Proxecto educativo.

A Orientación educativa e profesional deberase desenvolver nos tres niveis nos que se estrutura a organización escolar. Quedando da seguinte maneira:

a. na aula, a través da acción titorial polos equipos docentes.
b. No Centro, a través do Dpto. de Orientación.
c. A través dos Equipos de Orientación Específicos

## 2.- MARCO TEÓRICO.

O plan de actividades do IES “Monte da Vila”, ademais de contemplar os tres niveis fundamentais da acción orientadora, terá tamén en conta, unha serie de coordenadas que axudarán á contextualización da acción educativa e orientadora. Estas serán:

- Diversidade de alumnos.
- Papel activo do que aprende.
- Axustar a resposta educativa aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Persoalización dos itinerarios educativos, segundos intereses diversos.
- Por en valor a competencia social e cívica.
- Promoción da Acción titorial.
- Persoalización da Orientación educativa e Profesional.
- Movilización do apoio familiar.

- Estudo e interpretación do marco legal.

Cada unha das devanditas coordenadas terán implicacións concretas que afectarán á concepción, organización e desenvolvemento da propia actividade orientadora.

**3.- MODELO DE ORIENTACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO**.

O modelo de Orientación será de carácter procesual, progresivo e sistemático. Facéndose necesario un afrontamento do traballo a partir dunha avaliación de necesidades, recolidas nas memorias finais. Deste xeito faise unha proposta organizativa centrada en obxectivos proactivos que buscan, prioritariamente o desenvolvemento integral do alumno. Deben de poder ser avaliados, na procura de promover unha reflexión que permita valorar o grao de consecución do modelo e as propostas de mellora para o vindeiro curso académico. A modo de espiral que se retroalimenta.

**3.1.- XUSTIFICACIÓN E CONTEXTO**

O IES Monte da Vila de O Grove é un centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

No presente curso 2020-2021 conta coa seguinte oferta educativa:

- 1º de ESO: 2 grupos.
- 2º ESO: 3 grupos.
- 3º ESO: 2 grupos.
- 4º ESO: 2 grupos, con dous itinerarios de matemáticas académicas e outro de aplicadas.
- 1° e 2º Bacharelato: 5 grupos. Modalidades de Ciencias e Modalidade de Humanidades, Ciencias Sociais e Modalidade de Artes.
- Ciclo Formativo de Grao Medio en Sistemas microinformáticos e redes, 1º e 2º curso.
- Formación Profesional Básica: 1º e 2º curso. Modalidade Informática de oficina.

## 4.- O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

É o vixésimo terceiro curso que o Centro conta con Dpto. de Orientación e o oitavo coa xefa do Departamento con praza definitiva. Esta circunstancia fai que as propostan contidas nos Plans de Orientación teñan vocación de consolidar prácticas educativas a longo prazo, referidas a protolocos de actuación nos ámbitos da atención á diversidade, acción titorial, orientación académica e profesional e formación do profesorado. Tamén, impulsar a formación en materia de participación familiar, procurando os espazos axeitados para facelo e traballando en temáticas de interese.

### 4.1. INFRAESTRUTURA E DOTACIÓN

O Departamento de Orientación está ubicado nun despacho situado nunha zona de paso, fronte á conserxería e a entrada principal.

Dispoñemos dunha aula destinada á atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, necesidades educativas especiais ou reforzo educativo, dotada desde hai catro cursos de canon, pizarra dixital e tamén de material en soporte papel suficiente para traballar a diferentes ritmos de aprendizaxe e con un formato atractivo.

No que se refire ao material, cóntase cun amplo fondo bibliográfico e técnico a disposición da Comunidade Educativa e en constante renovación e ampliación. Contamos con orzamento, neste curso para continuar con este propósito. Hai que indicar que a colaboración coa biblioteca é importantísima para profundizar neste propósito. De xeito que temos pensado continuar aportando material bibliográfico de interese para a formación do profesorado e familias. O curso pasado deseñamos un espazo para o alumnado de 4º ESO, FPB, Ciclo medio e Bacharelato onde poden atopar material especializado para a toma de decisións académicas e profesionais, denominado *Oriéntate.* Un espazo onde aglutinar material para a aprendizaxe da lingua castelá e galega, destinada á poboación migrante, chamado *GAL. Material* adicado a concienciar e promover a Igualdade de oportunidades e o bo trato entre homes e mulleres, titulado *Igualdade*, e por último, publicacións de atención á diversidade e inclusión que ten como reseña *A outra mirada.*

### 4.2. COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación do curso 22-23 queda constituido no claustro do día 01/09/2022 e está composto por:

- Estrella del Mar de Azevedo Fernández: Exerce a función de Xefa do Departamento de Orientación.
- Elia Otero Reboreda: Exerce a función de Profesora de Pedagoxía Terapeútica en situación de profesora en prácticas.
- Eva María Rey Mascato: Exerce a función de Titora do Ámbito Científico.
- Lourdes López Tomé: Exerce a función de Titora do Ámbito Lingüístico
- María del Carmen Álvarez Fernández: Exerce a función de Profesora de Formación e Orientación Laboral.

Está prevista quenda de reunións:

- A de principio de curso para constituir o Departamento de Orientación e de establecer as liñas de traballo para o curso.
- A de final de curso como resumo e análise do grao de consecución dos obxectivos da Plan de Orientación anual. Incluirase na Memoria final de centro.
- Unha convocatoria mensual, tal como indica a normativa.
- Despois das sesións de avaliación trimestral.
- Todas aquelas que xurdan por esixencias da práctica docente.

Está prevista unha sesión semanal de reunión coa profesora de PT e a xefa do Departamento de Orientación os *martes de 13.35 a 14.25.*

As reunións coa profesora de PT levaranse a cabo de forma presencial no Departamento de Orientación, e cos componentes do Departamento de Orientación haberá unha combinación de modalidade presencial e telemática por medio da plataforma Cisco Webex.

## 4.3. FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

- Formular propostas ao Equipo Directivo e ao Claustro, relativas á modificación dos Pans de centro.
- Elaborar de acordo coas directrices establecidas pola CCP as propostas de organización da Orientación educativa e mellora da convencia no centro.
- Contribuír ao desenvolvemento da atención á diversidade, acción titorial e orientación académica e profesional.
- Colaborar co profesorado, baixo a coordinación da Xefatura de Estudios na detección e prevención de dificultades de aprendizaxe e na proposta de medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias para o alumnado que as necesiten.

- Realizar avaliaciónspPsicopedagóxicas previas e necesarias.
- Programar actividades de acción titorial, en función dos intereses detectados polo profesorado, familias e alumnado.
- Programar actividades de orientación académica e profesional, en función das necesidades detectadas en cada cursos educativo e etapas ou ciclo de formación profesional.
- Elaborar o Plan de Actividades do Departamento e a Memoria Final.
- Organizar e realizar actividades complementarias e extraescolares.
- Fomentar a formación do profesorado en materias vinculantes ao Departamento de Orientación, como un indicador de calidade educativa.
- Mellorar os procedementos de coordinación coas familias e colaborar con propostas que fomenten a súa participación.

**4.4. FUNCIÓNS ESPECÍFICAS DA ORIENTADORA**

- Colaborar nas posibles propostas de modificación dos Plans de Centro, asesorando á dirección do centro sobre os criterios psicodedagóxicos para ser levados ao claustro de profesores e CCP.
- Redactar o Plan anual e a Memoria final de curso do Departamento de orientación.
- Dirixir e coordinar as actividades do Departamento de Orientación e levantar acata das reunións e acordos.
- Colaborar coa dirección do centro na elaboración dos criterios para participar na convocatoria dos PROA+, selección das modalidades, petición de perfil profesional, en función das necesidades detectadas e selección do alumnado destinatario.
- Informar ao alumnado sobre as actividades e funcións do Departamento de Orientación.
- Coordinar a organización de espazos, instalacións, adquisición de material e velar polo seu mantemento.
- Realizar avaliacións psicopedagóxicas e os Informes e Ditames de Escolarización dos alumnos/as que así o precisen para orientar as respostas educativas máis axeitas as súas necesidades e intereses académicos e/ou profesionais.
- Contribuir á programación e o desenvolvemento de actividades de orientación académica e profesional e de acción titorial. Levantar acta dos acordos nas reunións de titores e titoras.
- Asesorar itinerarios educativos de Formación profesional Básica, contribuir á selección de alumnado candidato e a cumplimentación da documentación precisa para entrar no proceso

selectivo.

- Elaborar os informes do alumnado de necesidade específica e/ou con discapacidade para o acceso á quenda nos procesos de matriculación na FPB (Formación Profesional Básica) ou CM (Ciclos de Grao Medio).
- Efectuar as entrevistas persoais do Programa ERASMUS + do alumnado interesado de FPB e CM.
- Asesorar os Consellos orientadores.
- Contribuir á coordinación da orientación cos Departamentos de Orientación dos CEIPs de onde recibimos ao noso alumnado para procurar a continuidade curricular de Educación Primaria a Educación Secundaria.
- Coordinación con outras institucións educativas, sanitarias e socias que favorezan os ámbitos en que se artella a Acción orientadora.
- Contribuir á mellora da convivencia escolar entre os membros da comunidade educativa e ofrecer canles para a súa formación.
- Recomendacións para o coidado emocional de todos os membros da comunidade educativa en calquera das modalidades educativas que se podan presentar ao longo do curso.
- Coordinar o Plan de Formación do Profesorado ConVives que se propón no noso centro, en colaboración co CFR (Centro de Formación e Recursos) de Pontevedra.
- Colaborar coas ANPAS para proporcionar recursos persoais e materiais óptimos para as temáticas que priorizan tratar nas Escolas de Nais e Pais.

## 4.5. FUNCIÓNS ESPECÍFICAS DO PROFESOR DE PT

- Asistir ás reunións da CCP.
- Participar na avaliación inicial do alumnado e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e/ ou reforzo educativo, impartidos polo mesmo.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das ACIs, así como das medidas de reforzo educativo e aquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Participar na coordinación de medidas de atención á diversidade co profesorado implicado e contribuir á elaboración de material didáctico que se axuste as necesidades educativas dos alumnos que atende.
- Participar cos profesores titores nas entrevistas coas familias para informar dos progresos dos

seus fillos de forma complementaria.

- Prestar apoio directo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que así o precisen.
- Traballar con alumnado con dificultades de aprendizaxe, proporcioando reforzo educativo, implica coñecer as súas características e historia de aprendizaxe. Elaborar a programación didáctica, baseada na dos Departamentos de Lingua castelá e Lingua galega e Matemáticas, como materias instrumentais de referencia. Avaliar o proceso de aprendizaxe e aproveitamento de cada alumno, así como da práctica docente, en canto a metodoloxía de aula.

### 4.6. FUNCIÓNS ESPECÍFICAS DOS PROFESORES DE ÁMBITOS

- Participar na elaboración de propostas de mellora do proceso de ensino e aprendizaxe nos ámbitos correspondentes.
- Colaborar e participar coas titorías e Departamentos didácticos no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, priorizando ás preventivas.
- Participar cos Departamentos didácticos con propostas para o desenvolvemento de actividades de apoio á acción titorial e orientación académica e profesional.
- Participar no deseño, seguimento e avaliación do Plan de Orientación de cada curso.

## 5. PRINCIPIOS BÁSICOS QUE REGULARAN A ACTIVIDADE ORIENTADORA

- Suponse unha dimensión comunitaria, participativa e inclusiva. Intervención dende o contexto social.
- Intencionalidade modificadora. Programación sistemática para o cambio.
- Énfase nos aspectos preventivos e optimizadores. Prevención e desenvolvemento.
- Metodoloxía activa e participativa.
- Formación persoalizada que propicie unha educación integral dos alumnos/as e competencial.

Todos estes principios, xunto coas pautas de actuación serán atendidas como un “todo” integrado na actividade do Centro; estruturadas nun marco amplo que se especifica no ideario do centro (PE) e concretado nos documentos programáticos do instituto.

### 5.1. INTERVENCIÓN COAS FAMILIAS

Tentarase en todo momento o establecemento de cauces fluídos de comunicación e de

relación Centro-Familias, sendo o Departamento de Orientación unha das estruturas dinamizadoras. Actuacións prioritarias:

- Publicación do Plan de Orientación na páxina web do centro para o seu coñecemento e difusión.
- Entrevistas persoais coa orientadora e profesora de PT (se é o caso) perfiles diversos de alumnado. Que presenten dificultades de aprendizaxe, necesidades educativas especiais, situación de risco de abandono do sistema educativo, situación de precariedade social ou problemas de conducta.
- Reunións dos pais ou titores legais coa profesora de PT mellorando a colaboración, intervención e o seguimento do proceso educativo dos alumnos se precisan a súa intervención.
- Atención aos pais ou titores legais que o demanden por diferentes motivos: posibilidades educativas e itinerarios académicos, becas e axudas ó estudo, derivacións a diferentes institucións sociais ou sanitarias, pautas para traballar no fogar.
- Colaboración e mediación coas familias implicadas en protocolos de absentismo escolar, bulling e ciberbulling, protocolo de identidade de xénero, protocolo de prevención do risco suicida nos centros escolares e protocolos para traballar con alumnado TDAH, TEA e dislexia.
- Proxecto de participar coas institucións de zona en temas relacionados coas características da adolescencia, normas e límites no fogar, hábitos saúdables e indicadores para a detección de problemas relacionados co abuso de sustancias nocivas para a saúde ou trastornos de alimentación, educación emocional, técnicas de traballo intelectual, emprego adecuado das novas tecnoloxías.
- Solicitar suxestións dende as ANPAS para tratar temas de interese nas horas lectivas adicadas ás titorías.
- Dar a coñecer o itinerario de formación do profesorado ConVives e o Plan de acollida-guía emocional para o presente curso escolar.
- Ensinar ás familas a supervisar eficazmente a axenda escolar que ofrece o centro ao alumnado de 1º e 2º da ESO.
- Colaborar co Centro de Formación do Profesorado de Pontevedra en organizar xornadas para familias, contribuido a elexir as temáticas que máis lles interesan. O Centro de Formación do Profesorado de Pontevedra contribuirá a proporcionar os recursos persoais e as ferramentas para facelo posible. Tamén se contará con outras institucións como é o Concello, Plan

director, psicólogo da asociación AVANTE, e outros relatores e relatoras especialistas nas temáticas elexidas.

## 6.- PLANIFICACIÓN XERAL

### 6.1 AVALIACIÓN DE NECESIDADES.

A avaliación de necesidades constituirá o punto de partida de toda a intervención orientadora. Pártese dunha análise das necesidades educativas do centro, elaborada polo propio Departamento de Orientación tendo en conta, a valoración final do traballo do curso pasado polos titores e titoras, equipos docentes, enquisas do alumnado e a dirección do centr. Baseándonos nesta análise e respectando as novidades lexislativas, establecemos as accións prioritarias do Departamento para este curso.

Dado que as necesidades son múltiples, as actuacións centrarase prioritariamente no apoio a atención ós alumnos con necesidades educativas, na orientación académico-profesional, apoio socioemocial a alumnado e familias, ofrecer ao profesorado formación na competencia socioemocional,

Así pois, algunhas das necesidades máis inmediatas ás que se intentará dar resposta desde o Departamento de Orientación serán:

- Elaborar desde o inicio de curso accións encaminadas a boa acollida do alumnado, profesorado e familias, tal como se relata no Plan de acollida.
- Contribuir ás formación da comunidade educativa en relación con estratexias de mellora da convivencia escolar e incremento da competencia socioemocional por medio da acción titorial, escolas de nais e pais, convocatorias de charlas coloquio e Plan de formación do profesorado.
- Información e orientación académica e profesional, tanto dirixido ao alumnado como ás súas familias dada a existencia dunha ampla *variedade de opcións* e os *procesos de toma e decisións máis adecuados para reducir a incertidume.*
- A atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e/ou necesidades educativas especiais, seguindo as directrices do Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro: a organización da atención ao alumnado con DAs e NEEs, de cara a artellar a resposta educativa máis axeitada a ditas necesidades, a través da avaliación psicopedagóxica, o asesoramento e

a colaboración co profesorado, a organización dos reforzos educativos, adaptacións curriculares e outras medidas de atención á diversidade. O seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado debe de ser trimestral.

- Colaborar na coordinación do profesorado asignado ao noso centro do programa ARCO.
- Desenvolvemento e seguimento da acción titorial desde as reunións semanais de titoras e titores das ESO e FPB-1, con propostas trimestrais de traballo. Seguimos considerando a acción titorial como un dos grandes pilares da función educativa, polo que é necesario priorizar a organización e o seguimento da acción titorial, a través dunha planificación realista e participativa da mesma, dunha colaboración estreita cos/as titores/as e dunha avaliación continua e formativa das titorías.

## 6.2. DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS EN RELACIÓN ÁS NECEDIDADES DETECTADAS

Partindo das necesidades detectadas e tendo en conta a lexislación vixente, propoñemos as seguintes accións prioritarias para o curso 2022-2023:

- Coordinar un itinerario de formación do profesorado centrado no Benestar emocional.
- Ofrecer criterios psicopedagóxicos ao equipo docente de ciclo medio de *Microsistemas informáticos e redes* para persoalizar a resposta educativa de un alumno que accede pola cota de discapacidade en 1º curso. Tamén a de dous alumnnos con necesidades educativas especiais de 2º curso, ambos con síndrome de Asperger.
- Atención á diversidade en Formación Profesional Básica. No primeiro curso, é preciso facer a valoración da resposta educativa máis adecuada para dous alumnos con necesidades específicas de apoio educativo e tamén facer un seguemento preventivo de dúas alumnas para que acudan a clase regularmente.
- Colaborar na elaboración de unha ACI en 3º ESO.
- Asesorar na elección de alumnado candidato a PDC, elaborar os informes e documentación necesaria, así como manter unha entrevista persoalizada con cada familia, conxuntamente coa titoría.
- Ofrecer cumprida información aos alumnos de 2º, 3º, 4º ESO/FPB e de Bacharelatos sobre itinerarios educativos, facendo fincapé nos procesos de toma de decisións responsables, baseadas no autocoñecemento e na motivación sobre intereses persoais. Incrementar a participación no asesoramento do profesorado de materia e profesora de FOL (Formación e

Orientación Laboral).

- Colaborar coa Xefatura de estudos e Persoal de Administacion e Servizos na organización de unha sesión informativa específica sobre os procesos de inscrición en Ciclos Formativos de Grao Medio.
- Levar a cabo, xunto coa xefa de estudos sesións informativas sobre o proceso de prematrícula para cada grupo-clase de cada nivel educativo.
- Propor desde o Departamento de orientación, unha actividade que se viña facendo de forma extraescolar que consistirá en visitar 2 Centros Integrados de Formación Profesional en Pontevedra cuxos destinatarios son alumnado de 2º a 4º ESO. Tamén se ampliará a proposta ao alumnado de bacharelato, interesado en cursar ciclos formativos de grao superior.
- Contribuir á divulgación de protocolos educativos, en relación ás necesidades detectadas no noso centro e delimitar as responsabilidades de cada quen. Protocolo de acoso e ciberacoso, protocolo de prevención do risco suicida nos centros escolares, protocolo de identidade e xénero, protocolo para alumnado con TDAH e TEA.
- Emprego das táboas de recollida de información titorías-Departamento de orientación sobre información relevante do alumnado durante a súa escolarización na ESO e FPB, proritariamente.
- Respostar á diversidade do alumnado a través do asesoramento ao profesorado. A revisión e modificación das medidas de reforzo e apoio implementadas no centro, e a posta en marcha das novas medidas propostas pola administración, o /ou doutras iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais do centro.
- Contribuir a elaboración e coordinación do programa ARCO.
- Medidas educativas de acción titorial en relación as liñas de traballo que se priorizan no plan de acción titorial e valoran como necesarias o alumnado, as familias e profesorado.
    - Educación emocional para coñecerse e convivir de forma pacífica. A autoestima con exe a traballar neste curso. Non ao acoso escolar!.
    - Educación afectivo-sexual para desenvolverse de forma saudábel, feliz e responsábel.
    - Uso adecuado das novas tecnoloxías.
    - Educación para a saúde sobre todo para previr condutas aditivas.
    - Educación medioambiental para valorar e coidar a nosa contorna.
    - Desenvolver a competencia de aprender a aprender para traballar con eficacia

e eficiencia. Técnicas de traballo intelectual.

- Toma de decisións académicas e profesionais.

### 6.3. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

Para iso pártese dunhas liñas de intervención básicas:

- Concienciar ao profesorado dunha óptima implicación e colaboración entre eles.
- Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento integral dos/as alumnos/as.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades individuais dos/as alumnos/as. Hacia unha escola inclusiva e de crecemento persoal.
- Dinamizar e rentabilizar as estruturas do centro para favorecer a coordinación das intervencións educativas.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, desenvolvemento da propia identidade e a capacidade de toma de decisións.
- Asegurar a continuidade educativa e orientadora ó longo das materias, ciclos e etapas. Un dereito recollido na lexislación vixente.
- Fomentar a participación constructiva de tódolos membros compoñentes da Comunidade Educativa.
- Potenciar prácticas docentes preventivas e compensadoras de desigualdades.
- Orientar a resposta educativa ante as dificultades de aprendizaxe que poidan presentarse e contribuir a coordinar o seguimento.
- Impulsar a formación e innovación educativa do profesorado e resto dos membros da comunidade educativa.
- Consolidar a adecuada transición entre etapas cos centros de primaria adscritos ao instituto.

Estes obxectivos poderían sintetizarse en dúas grandes vertentes básicas da orientación educativa:

- A vertente escolar que ten como obxectivo a optimización dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- A vertente académica e profesional que pretende favorecer a madurez persoal de maneira que lles permita ao alumnado facer fronte á toma de decisións personais, escolares e profesionais.
- A vertente de benestar persoal e social.

### 6.4. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais que estableceremos estruturaranse en catro subgrupos de traballo:

- Centro educativo
- Profesorado
- Alumnado
- Familias

**A. Co Centro**

- Contribuír á realización de estudios e análise sobre as necesidades do alumnado do Centro.
- Contribuír ao desenvolvemento dos elementos globalizadores e personalizadores da Educación.
- Asesorar técnicamente en medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade, así como en procesos de avaliación psiocopedagóxica.
- Colaborar na organización e planificación de actividades educativas que promovan a mellora da convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Facilitar á cooperación entre o centro e as familias.
- Conseguir que o centro asuma a responsabilidade da orientación profesional e preparación para a vida activa dos alumnos facilitando a planificación e realización de actividades concretas.
- Elaborar materiais que favorezan o desenvolvemento da acción titorial.
- Ampliar e actualizar o mapa de institucións, servizos sociais, culturais, de saúde con influencia na zona. Cooperar con eles na medida das nosas posiblidades.
- Contribuir a asesorar á dirección do centro para valorar futuras peticións de ciclos formativos de formación profesional básica, de grao medio, superior e dual que repondan ás demandas do alumnado e contexto socioeconómico da zona.
- Contribuir a asesorar á dirección do centro para valorar futuro alumnado c
- Propor a mediación e actuacións conciliadas na resolución de conflictos da vida cotián.
- Contribuir ao coñecemento dos Protocolos de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, de identidade de xénero, protocolos de actuación con alumnado TDAH, TEA e dislexia.
- Establecer canles de coordinación cos centros de educación primaria adscritos en

reunión ao longo do curso, non só no intercambio de información ao principio e final de curso.

**B. Co alumnado**

- Proporcionar orientación para todo o alumnado que o solicite. Axudar aos alumnos e alumnas nos momentos de maior dificultade: Incorporación á educación secundaria, elección de materias optativas, elección de materias vinculantes, encher impresos de prematrícula, itinerios educativos, dificultades de relación cos iguais ou mediar en situación de conflito co profesorado.
- Facilitar información sobre o mundo laboral e as saídas académicas e profesionais ás que se pode optar tras os estudos de secundaria, formación profesional básica, ciclos medios e bacharelato.
- Proporcionar coñecemento da oferta académica e profesional con intervencións individualizadas e personalizadas, nos casos que sexa preciso.
- Elaborar e dar a coñecer os resultados da avaliación psicopedagóxica ás familias e profesionais educativos responsables.
- Asesorar os consellos orientadores.
- Contribuir a detectar posibles alumnos candidatos para a Formación Profesional Básica, seguindo os criterios da normativa vixente. Realizar a avaliación psicopedagóxica e colaborar, xunto cos titores/as na redacción do consello orientador. Informar ao equipo docente e dirección do centro dos resultados das propostas, aportando a documentación debida.
- Dar a coñecer a oferta universitaria de Galicia e nacional, o acceso á universidade e aos ciclos formativos de grao superior e becas e axudas ao estudo. Dar a coñecer a oferta das Ensinazas Artísticas de grao superior.
- Orientar medidas de atención á diversidade ao alumnado que o necesite: Reforzo educativo, apoio de PT, Programa de habilidades sociais, seguimento escolar, adaptacións metodolóxicas ou dos elementos prescriptivos do currículo.
- Proporcionar estratexias de rentabilización estudo.
- Contribuir en aplicar as orientacións psicopedagóxicas propostas nos protocolos para alumnado con TDAH, TEA e dislexia.
- Contribuir á introdución de metodologías que faciliten a organización da información, a rentabilidade do tempo de estudo e o aumento da competencia lingüística.
- Colaborar en activar medidas preventivas ou correctoras en caso de situación de

impuntualidade continuada, conxuntamente coas titorías e a dirección do centro.

- Ofrecer as actuacións e ferramentas necesarias para promover o crecemento pesoal e social.

**C. Co profesorado**

- Coordinar o traballo das titorías e asesorar aos profesores e profesoras no desempeño da función titorial.
- Asesorar en cuestións como a organización e o agrupamento do alumnado, prestando especial atención ó tratamento flexible da diversidade de aptitudes, ritmos de aprendizaxe, intereses e motivacións.
- Proporcionar protocolos que faciliten o rexistro da evolución do proceso de ensino-aprendizaxe cos alumnos que reciben reforzo e/ou apoio educativo ou outras medidas de atención á diversidade.
- Transmitirlle información pertinente, acerca da avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas e das características persoais dos mesmos.
- Colaborar na realización e no seguimento das ACIs, proporcionando o formato facilitado polo Servizo de Inspección educativa para facelas, a temporalización para a súa elaboración e procedemento para o seu seguimento. Contribuir aos procesos de avaliación do grao de consecución das mesmas para futuras propostas.
- Contribuir en aplicar as orientacións psicopedagóxicas propostas nos protocolos para alumnado con TDAH, TEA e dislexia.
- Contribuir a detectar posibles alumnos candidatos para a Formación Profesional Básica, seguindo os criterios da normativa vixente. Realizar a avaliación psicopedagóxica e colaborar, xunto cos titores e titoras na redacción do consello orientador. Informar ao equipo docente e dirección do centro dos resultados das propostas, aportando a documentación debida.
- Facilitarlles a utilización na aula de técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudio, programas de enseñar a pensar. Consolidación do bo uso da axenda escolar desde 1º e 2º da ESO.
- Asesorar e/ou contribuír na posta en práctica de dinámicas e xestión de grupos cohesionados.
- Proporcionar modelos de rexistro de entrevistas con familias que recollan información relevante.
- Ofrecer orientación técnica en relación con actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, reforzo e apoio pedagóxico, promoción de alumnos.

- Colaborar na detección de problemas educativos, de desenvolvemento e/ou de aprendizaxe que presente o alumnado e a unha rápida intervención para tratar de subsanalos.
- Facilitar o intercambio de información relevante coas titorías de cada grupo de alumnos e alumnas. Convocar aos equipos docentes correspondentes antes da avaliación inicial.
- Contribuir ao intercambio de información relevante, cos profesionais implicados, de alumnos e alumnas que se incorporan á etapa de secundaria ou de aqueles outros que precisan atención personalizada por calquera motivo.

**D. Coas familias.**

- Cooperar na relación titores-familias para solucionalos problemas que afecten ós seus fillos.
- Contribuir a rentabilizar as entrevistas individuais de familias e as colectivas que se autoricen.
- Ofrecer estratexias ás familias, de forma individual ou colectiva, para afrontar situacións académicas e/ou de convivencia diaria de xeito asertivo.
- Facilitar información sobre becas e axudas ao estudo.
- Informar sobre opcións académicas e profesionais axeitadas as características e intereses dos seus fillos.
- Mediar en caso de conflicto con membros da comunidade educativa, no control da impuntualidade ou absentismo escolar.
- Colaborar en activar medidas preventivas de acoso escolar, en calquera das súas vertentes.
- Informar sobre a pertinencia de derivacións a institucións educativas, sociais ou sanitarias. Solicitar intercambio de información relevante e de coordinación con elas e a orientadora.
- Colaborar coa ANPA por medio da Escola de familias.
- Colaborar co CFR de Pontevedra para organizar xornadas con temáticas específicas. Neste curso a nosa asesora, Susi Trastoy Cubas informará das ferramentas que pon a disposición para levalas a cabo.
- Colaborar coa Asociación AVANTE na suxestión de temáticas prioritarias, a traballar coas familias.

## 7. ÁMBITOS NO QUE SE ARTELLA O PLAN DE ACTIVIDADES

Todos os obxectivos citados anteriormente tratarán de acadarse baixo unhas directrices:

- Principios metodolóxicos: de prevención, de interacción frecuente co alumnado, de colaboración con todos os axentes educativos, de reforzo do papel das titorías e de relación coa contorna.

- Recursos funcionáis: como iniciación en estructuras simples de traballo cooperativo, asunción de roles, asignación de responsabilidades e distribución de funcións.
- Recursos persoais: familias, titorías, outros orientadores, profesores, traballadores sociais, sanitarios, de autoridade pública, voluntarios, de equipo específico.
- Recursos materiais: programas de desenvolvemento, o propio currículo, espazos, tempos, materiais curriculares diversos.

Establecidas algunhas das directrices básicas de actuación, o plan de actuacións do Departamento de Orientación artellaranse entorno ós seguintes ámbitos.

## 7.1 CONCRECIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Departamento de Orientación colaborará no axuste da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades dos alumnos/as, mediante a intervención directa ou ben facilitando recursos ou estratexias que incidan naqueles aspectos que manifestan a diversidade do alumnado e que están estreitamente relacionados co proceso de ensino-aprendizaxe. Atender aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe e contribuir a proporcionarlle os recursos materias e humanos que precisen para o seu desenvolvemento integral.

Como norma xeral, desde o Departamento de Orientación, se indica que a mellor forma de intervir é establecer os reforzos/ apoios educativos da profesora de PT é dentro do mesmo grupo-clase co profesorado da materia. Só cando esta estratexia metodolóxica se manifeste como insuficiente para atender ás necesidades educativas precisan determinados alumnos e alumnas, recurrirase á intervención fóra da aula. Para que isto suceda deben esgotarse antes as outras posibilidades e debe estar xustificada polos responsables docentes implicados.

A reticencia a recibir axuda fóra da aula baséase que para moitos alumnos ser sacados da clase supón unha forte perda da súa autoestima, xa que o que pensen os demais compañeiros/as é fundamental. Verse "discriminado/a" supón, ou pode supor, nalgúns casos, que reaccionen de forma negativa ou incluso agresiva. Por iso, se chega o caso en que se cre imprescindible esa solución, haberá que intentar preparar tanto á familia como ao alumnado afectado para que se enfronten á nova situación de forma positiva, vendo a posibilidade de superar unhas carencias que debe asumir. En cada caso haberá que analizar os pros e os contras da decisión a tomar entre tódolos profesores implicados no reforzo ou a adaptación pertinente.

De forma xeral, traballar dentro da aula supón que dous profesores (profesorado de materia e/ou profesora de PT) atenden a un grupo de alumnos e alumnas, rentabilizando o recurso de xeito

máis eficaz.

No presente curso escolar, informada a Xefatura de estudos, proponse continuar coa mesma metodoloxía. Previamente consensuaremos co profesorado implicado a organización de aula para atender ao alumnado designado de forma eficaz. O mesmo procedemento empregaremos co profesorado asignado ao programa ARCO. Estableceranse reunións quincenais entre o profesorado para coordinación do proceso de ensino-aprendizaxe, intercambio de material específico, seguimento do alumnado e grao de consecución dos obxectivos programados.

O material específico que a xefa do Departamento de Orientación vai empregar, se se precisa efectuar avaliacións psicopedagóxicas, serán básicamente, probas psicométricas, observación dos traballos de clase, e do propio alumnado en diferentes contextos, así como escalas de nivel de competencia curricular e de estilo de aprendizaxe para que o profesorado indique os aspectos máis relevantes. Tamén se terán entrevistas coa familia ou titores ou titoras legaias para ver a situación concreta en que se atopa cada alumno e alumna e a resposta que por parte das mesmas podemos esperar.

Entrevistarémonos cos alumnos e alumnas para informalos da necesidade de recibir axuda e comprobar que actitude amosan de cara a acadar un compromiso de aproveitamento de cada recurso.

A avaliación inicial será o lugar e momento idóneo para decidir que alumnado necesita algún tipo de apoio/reforzo e a forma en que este se debe proporcionar, aínda que, non a única. No caso dos alumnos de nova incorporación hai que dar marxe a que se adapten ás esixencias da nova etapa. Recolleranse por escrito as medidas educativas que se recomendan.

As medidas de reforzo educativo dentro da aula supoñen unha forte coordinación e traballo conxunto entre os dous profesores e, de ser o caso, de intercambio de roles. Tamén se terían que programar actividades a diferentes ritmos de aprendizaxe.

Cando se plantexa o apoio/reforzo fóra da aula, ademais dos condicionantes emocionais do alumnado implicado, hai que valorar o número de horas que vai a sair, materias a traballar e materiais didácticos adaptados. A xefa do Departamento de Orientación, establecerá un horario de traballo do profesorado de PT en relación ao alumnado que o precise e será remitido á xefa de estudos cada trimestre ou sempre que se produzan modificacións.

O alumnado priorizado para recibir apoio de PT será o seguinte:

- Necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade psíquica, física e sensorial.
- Dificultades específicas de aprendizaxe (discalculia, disfasia, afasia)

- TDAH
- Incorporación tardía ao sistema educativo con coñecemento do idioma/ Descoñecemento do idioma/ Sen desfase curricular/ Con desfase curricular de dous cursos.
- Condicións persoais e historia de aprendizaxe/Grupos sociais desfavorecidos.

Obxectivos:

- Asesorar ao Equipo Directivo, CCP, Departamentos Didácticos, Titorías e Equipos Docentes sobre aspectos psicopedagóxicos referidos ao proceso de ensino-a prendizaxe e toma de decións relativas aos mesmos.
- Incrementar o intercambio de información relevante do alumnado de forma eficaz, empregando os instrumentos aprobados no Claustro para tal fin e nas reunións de titores e titoras.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica nos casos que se considere necesario, a demanda de algún membro do equipo docente ou as familias.
- Asesorar e apoiar ao profesorado sobre o concepto de atención á diversidade, e contribuír á posta en marcha das medidas pertinentes.
- Previr, detectar e dar resposta educativa ás necesidades educativas.
- Ofrecer ao alumnado técnicas de traballo intelectual e de organización e planificación do seu traballo persoal.
- Deseñar materiais de intervención axeitados ás necesidades que van xurdindo e polos a disposición do profesorado.
- Solicicitar o intercambio de información relevante. Informar e/ou pedir autorización para a incorporación do alumnado a medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.

As medidas a adoptar neste ámbito pódense estruturar entorno a tres niveis:

**a) Medidas preventivas**.

- Organización e planificación de actividades relacionadas con estratexias de estudo, dentro do Plan de acción titorial durante o primeiro trimestre.
- Impulso da axenda escolar persoalizada para o alumnado de 1º e 2º ESO:
- Asesorar aos departamentos didácticos que o soliciten sobre técnicas de avaliación e aspectos metodolóxicos que facilitan o respeto a diversidade e a motivación de logro.
- Complementar a avaliación inicial do alumnado con cada equipo docente que inclúa aspectos persoais dos alumnos, valoración das súas capacidades e intereses e detección

alumnos de risco social e ou académico.

**b) <u>Medidas ordinarias</u>**

Destinatarios: Alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe ou de necesidades educativas especiais asociadas a Trastorno do Espectro autista e TDAH con protocolo aberto.

**O Reforzo Educativo é unha medida previa que debe esgotarse antes de decidir outras medidas de atención á diversidade máis extraordinarias, como as Adaptacións Curriculares Significativas**. Cando se aplican medidas de reforzo é moi importante facelas constar no seu expediente e informe de avaliación, pois a constancia de medidas de atención á diversidade é un requisito previo para a participación de un alumno ou alumna de outras máis significativas.

**Medidas más xerais ou grupais de reforzo educativo:**

- Establecer secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe. Graduar, dosificar, fraccionar a presentación dos contidos, de xeito que haxa unha aproximación á zona de desenvolvemento próximo do alumno ou alumna, é dicir, partir do que pode facer con axuda.
- Deseñar actividades de ensino-aprendizaxe variadas, con diferente nivel de dificultade e tempo de execución.
- Emprego de recursos e materiais diferenciados e complementarios, potenciando a ruta auditiva e visual.

**Medida máis individualizada de reforzo:**

Apoio directo e atención preferente a determinados alumnos e alumnas dentro da aula ordinaria.

**Medidas de reforzo aplicadas á avaliación:**

Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación para beneficiar ao alumnado con diferentes estilos, niveis e ritmos de aprendizaxe. O obxectivo é que poda demostrar a súa competencia e capacidade.

- ✓ Adaptación de probas escritas en canto a formato, presentación de preguntas secuenciadas e separadas. Selección de aspectos relevantes, só o básico que queremos que aprenda.
- ✓ Substitución de probas escritas por un exame oral ou viceversa.

- ✓ Supervisión do exame durante a súa realización para evitar esquecementos.
- ✓ Adaptación dos tempos, dando a posibilidade de finalizar a proba na hora seguinte. A consigna é que o alumnado que **precisa esta medida** saiba que entregará o exame cando remate, non cando finalice a hora estipulada.
- ✓ Diversificación dos procedemento e instrumentos de avaliación.
- ✓ Aplicar criterios de avaliación priorizando criterios de avaliación mínimos, en caso de alumnado con dificultades na aprendizaxes.

Seguimento e avaliación: de forma xeral serán avaliadas con carácter mensual para dar tempo a valorar a repercusión da medida no rendemento escolar do alumnado.

**Alumnado exento de cursar a 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º ESO.**

Destinatarios e procedente: O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do Departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a. *A competencia da decisión recaerá na Dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida*.

No noso centro está organizado para que o alumnado que se beneficie desta medida, teña reforzo en Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas (1 hora para cada materia, 3 horas semanais), fóra da aula, en pequeno grupo e co profesorado das materias dos departamentos didácticos implicados.

**O seguimento da medida** farase con carácter mensual entre os profesionais implicados que deben cumprimentar o modelo de coordinación, o documento de reforzo educativo e entregar un informe de valoración de carácter trimestral ás titorías, previa ás sesións de avaliación sobre a incidencia no proceso de ensino-aprendizaxe.

**Procedemento:** Como norma xeral, esta medida é de aplicación para os dous primeiros anos da ESO. O alumnado exento de cursar a segunda lingua estranxeira ven proposto polos CEIPs. **En caso de**

**detectarse a necesidade de tomar a medida con alumnado non proposto, adoptarse na avaliación inicial de 1º ou 2º ESO priorizando o criterio do profesorado do ámbito lingüístico.**

*Como medida educativa que se adopta excepcionalmente para alumnos/as con dificultades continuadas de aprendizaxe, debe ser proposta, con carácter xeral para os cursos de 1º e 2º ESO. Só se revisará a medida en caso de que os resultados educativos avalen que as súas dificultades de aprendizaxe nas materias lingüísticas están corrixidas e polo tanto pode cursar con aproveitamento a 2º lingua estranxeira.

**Programas de recuperación de materias pendentes.**

Os departamentos didácticos nas súas respectivas programacións anuais, establecen os plans de recuperación das materias pendentes para os diferentes niveis da etapa e as canles de difusión ao alumnado e familias. Para os alumnos ou alumnas que promocionen ao seguinte curso con materias suspensas, o profesorado debe establecer as medidas de recuperación. No caso das materias pendentes que o alumnado pode deixar de cursar no ano seguinte, o responsable de deseñar, propor e avaliar as actividades de reforzo educativo destinadas á recuperación da materia será o propio departamento implicado, en concreto o xefe ou xefa de departamento. No noso centro, durante as sesións de avaliación rexístrase o seguimento das mesmas na acta correspondente. Desde o Departamento de Orientación recoméndase que o profesorado de materia, en caso de que o alumnado no entregue as tarefas, notifique este feito ás familias antes da data definitiva de entrega.

**<u>c) Medidas extraordinarias.</u>**

**Medidas específicas para o alumnado procedente do estranxeiro**

No presente curso temos unha alumna con estas características, un deles escolarizado en 3º ESO. Aplicaranse medidas destinadas a incrementar a competencia lingüística nas linguas cooficiais da nosa Comunidade autónoma, posto que é a barreira que os separa de acadar resultados educativos adecuados nas diferentes materias.

- medidas de apoio educativo co profesorado con dispoñibilidade horaria, profesorado de PT e Programa ARCO.
- Adaptación de materiais didácticos por parte do profesorado de cada materia ou módulo que proporcionará ao profesorado de apoio para favorecer a comprensión dos textos.
- Emprego de material específico de aprendizaxe do castelán e galego por parte do profesorado

de apoio.

**Adaptacións curriculares.**

No presente curso escolar elaboraremos unha adaptación curricular para un alumnodo escolarizado en 3º ESO.

Definición: Con carácter xeral, partirase do nivel de competencia curricular do curso de referencia. Se durante o proceso de avaliación, estímase que hai que baixar no continuo curricular, farase segundo a normativa curricular de cursos ou etapas anteriores.

Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados o ampliados, se procede, os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e incluso suprimidos e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e incluso suprimidos. Estes axustes afectan aos elementos do currículo e implican a adecuación dos obxectivos, contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación da materia adaptada, podéndose chegar á supresión de algún contido que non afecte á consecución dos obxectivos e ao grao de adquisición das competencias básicas da materia adaptada.

Destinatarios: Estarán dirixidas a alumnos y alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficits de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

Responsables: O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a materia, coa colaboración do departamento didáctico e o asesoramento da responsable de orientación. O profesorado titor e tamén o responsable de cada materia adaptada informará ás familias dos progresos académicos e de medidas de colaboración no proceso educativo. Neste proceso cóntase coa colaboración do Departamento de Orientación para explicar ás familias o proceso a seguir e as medidas de apoio educativo.

A xefa do Departamento de Orientación, elabora o informe psicopedagóxico e DIAC (Documento Individualizado de Adaptación Curricular) e envía a documentación ao Servizo de Inspección educativa. O Director/a da o visto e prace. Coordina o proceso a titoría, informada a Xefatura de Estudos e os xefes ou xefas dos departamentos correspondentes. Autoriza o Servizo de Inspección educativa.

Temporalización: A toma de decisións prodúcese durante o terceiro trimestre por parte do profesorado das materias implicadas, ademais de solicitar a valoración e recomendacións do resto

do equipo docente e profesorado de PT (3ª avaliación) ou despois da avaliación inicial e queda reflectida en Acta. O envío das adaptacións curriculares ao Servizo de Inspección educativa é durante o primeiro trimestre como data límite.

Documentación: Documento individualizado de Adaptación curricular (DIAC), Informe psicopedagóxico, Ditame de escolarización, Autorización familiar, Acta de recollida do acordo, documento de cada materia adaptada.

Procedemento: Unha vez celebrada a avaliación inicial, profesorado titor, por norma xeral, acompañado da responsable de orientación, informará ás familias acerca das adaptacións que se van a elaborar nas diferentes materias, das medidas organizativas previstas, horario de atención por parte da profesora especialista (PT), do nivel de competencia curricular que se espera acadar ao finalizar o curso escolar e das consecuencias en canto a avaliación, promoción e titulación. Requírese autorización familiar.

Coordinación e Seguimento: Para o seguimento do alumnado con NEAE e as AC, reuniranse quincenalmente a profesora de PT co profesorado das materias adaptadas.

Os equipos docentes implicados serán convocados pola Xefatura de Estudos trimestralmente, antes das sesións de avaliación para analizar os resultados das ACS, grao de coordinación entre profesionais e o grao de adaptación dos elementos curriculares, organizativos e metodolóxicos ás necesidades do alumno. Asemade, farase constar a pertinencia de elaborar materiais específicos para as materias non adaptadas. Recollerase en acta. Esta coordinación debe programarse desde o principio de curso por parte da Xefatura de Estudos.

**Programa de Diversificación curricular de dous cursos**. Este curso retomamos esta medida extraorinaria de atención á diversidade con sete alumnas matriculadas. As professoras de ámbito que forman parte do Departamento de Orientación deben ser as mesmas que imparten os mesmos no PDC.

<u>**Outras medidas de atención á diversidade.**</u>

**Contratos – Programa. ARCO**

No presente curso escolar o centro ten aprobada a solictude do Programa ARCO para ESO e FPB.

Destinatarios:

Alumnado con baixa competencia curricular lingüística, tal como se solicitou no claustro de profesores, especialmente na lingua inglesa.

Alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe e con materias pendentes. Poremos

especial atención aqueles nos que se vexa comprometida a titulación en 4º ESO.

Na FPB, a priorización é alumnado concon baixa competencia nos módulos comúns á ESO.

Requísere a autorización familiar.

**d) <u>Actividades relacionadas coas Medidas de Atención a Diversidade:</u>**

**Con relación ao Centro:**

- Asesoramento ó equipo docente e CCP, delimitando as funcións, responsabilidades individuais e compartidas neste ámbito.
- Establecer criterios xerais de intervención na CCP. Compartir procedementos que permitan reflexións posteriores para mellorar cada protocolo de actuación.
- Asesoramento ao profesorado no desenvolvemento curricular. Diferencias entre medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade. O criterio a seguir é o de esgotar as primeiras antes de por en marchas as segundas.
- Seguimento trimestral das medidas de reforzo e apoio especializado por parte da Xefatura de estudos e a xefa do Departamento de Orientación.
- Asesoramento ao profesorado para facilitar a súa función titorial. Material para traballar mensualmente a acción titorial por niveis.
- Realización dun mapa de necesidades e actualización de posibilidades psicopedagógicas que poden ser cambiantes ao longo do curso.
- Asesoramento ao equipo docente na súa resposta as necesidades educativas específicas de apoio educativo ou dificultades da aprendizaxe que poidan darse.
- Asesoramento na coordinación de actividades de avaliación. Con alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, tentará de facerse previa a sesión de avaliación coa documentación pertinente, de xeito que se promova a reflexión e acordos entre o equipo docente.
- Coordinar o equipo docente para unificar metodoloxías, niveis de esixencia, realización de actividades interdisciplinares.

**Co alumnado:**

- Mellorar a adaptación de tódolos alumnos/as ao instituto, especialmente no cambio de etapa. Elaboración de unha guía de acollida socioemocional para traballar ao longo do primeiro trimestre nas horas de titoría. Baséase en dinámicas de presentación, coñecemento

persoal e cohesión de grupo.

- Responder ás necesidades educativas individuais.
- Seguir fomentando unha actitude positiva hacia os principios fundamentais do traballo cooperativo para experimentar os beneficios individuais e colectivos que conleva.
- Organización e planificación de actividades de reforzo. Avaliación de resultados trimestrais recollidos nun documento que se inclue no Plan de Atención á Diversidade.
- Planificación de medidas de carácter extraordinario nos casos que se estimen oportunos.

**Coas familias:**

- Programa de acollida a principio de curso (facilitando información dunha parte importante de aspectos materiais, funcionais, persoais y contextuais do centro), facilitando así, unha maior e mellor información. Coordina o proceso a Dirección do centro e colabora a xefa do Departamento de Orientación.
- Informar os pais/nais/titores legais sobre os seus fillos de forma persoalizada.
- Informarlles sobre as diferentes posibilidades que ofrece o sistema educativo e como poden colaborar co centro.
- Promover a colaboración e cooperación co centro empregando os canles oportunos.
- Solicitude para realizar a avaliación psicopedagóxica, si é preciso, para propor medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade.
- Solicitude para o intercambio de información con outras institucións.
- Devolución da información ás familias en entrevista.
- Elaborar informes para tramitar becas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

**Con outras institucións**

- Colaborar con outros orientadores dos institutos da zona educativa, Departamentos de Orientación de Educación Primaria adscritos, Equipo de Orientación Específico, se é preciso.
- Proposta de axenda de coordinación, dende o principio de curso, coas orientadoras de Educación primaria para comezar un proxecto de plan de orientación de zona. Temas comúns a tratar: normas de centro e aula, axuste das programacións entre etapas educativas e elaboracións de informes tutoriais e psicopedagógicos.
- Colaborar e traballar co Concello ou outras organizacións/institucións da localidade co obxectivo de dar resposta ás necesidades da zona: SPAD, AVANTE, Servizos Sociais, Servizos

sanitarios, orientadores laboráis, Casa de familia Maluma, Policía local, voluntarias/os que colaboran aportándo os seus coñecementos en diferentes ámbitos educativos, ben en charlas cos alumnos e/ou familias o ben en sesións programadas como talleres. Estas iniciativas facilitan a colaboración interdepartamental.

- Unidade de Saúde Mental Infanto- Xuvenil co alumnado derivado ou en seguemento.

**e) Atención aos alumnos/as con necesidades educativas especiais.**

A actividade docente da profesora de PT estará coordinada pola orientadora como xefa do Departamento de Orientación.

A filosofía sobre o apoio é a de que só sairá da clase aquel alumno/a que necesite un apoio específico nalgún aspecto concreto ou aquel que non sexa capaz de seguir minimamente á marcha xeral do grupo. Ademais, dado que as materias instrumentais son a base que aporta o coñecemento para o resto de materias, deberá ser preciso a coordinación entre o profesor/a de materia e a profesora de apoio (PT), para desenrolar unha intervención continuada e eficaz para o alumnado.

O Departamento de Orientación ten elaborado un documento para poder facer o seguimento dos progresos do alumno/a por parte do profesorado encargado de impartir o reforzo/apoio. Recolle contidos acadados, non acadados e en proceso, materiais empregados, tipos de actividades e colaboración coa familia ou titores legais. Deber valorado con carácter trimestral antes das sesións de avaliación.

**f) Procedemento a seguir para a valoración das aprendizajes do alumnado.**

O primeiro en decatarse de que un alumno/a presenta dificultades na súa aprendizaxe é o profesorado de materia na súa actividade na aula. De xeito ordinario, intentará facer unha delimitación do problema, tendo en conta circunstancias relativas tanto a aprendizaxe por parte do alumno/a como relativas ao propio proceso de ensinanza. Neste punto o profesorado debe recurrir ao Departamento de Orientación, que prestará a súa colaboración tanto na valoración de necesidades educativas como na proposta de orientacións educativas.

Unha vez feita a anterior análise, o profesorado, tendo en conta as orientacións do Departamento de Orientación, poderá modificar algúns aspectos do proceso E-A (metodoloxía, propostas de actividades, ordenación espacial do alumnado no grupo) co fin de adecualo ás necesidades detectadas. Trátase de establecer as medidas preventivas e ordinarias que sexan necesarias.

Se as medidas adoptadas resultan satisfactorias, o proceso considérase rematado. No caso de que o problema persista procederemos a revisar tanto a definición do problema como as medidas adoptadas.

Cando as medidas anteriores non sexan suficientes para satisfacer as necesidades dun alumno/a concreto/a, ou cando nos encontremos con dificultades de outra naturaleza, débese solicitar a intervención do departamento de orientación para profundizar no carácter da medida educativa que se aconsella adoptar.

O profesorado que detecte alguna dificultade, deberá cumlimentar a solicitude de intervención do Departamento de Orientación, tal como se indica no Plan de Atención á Diversidade.

**g) Recursos necesarios.**

1) Humanos: departamentos didácticos, titores, departamento de orientación, tódolos membros da comunidade educativa.

2) Materiais: Aula de apoio, aulas ordinarias, materiais de diversa natureza para a avaliación psicopedagóxica, para titorías, para apoio, para reforzo educativo.

3) Espaciais e temporais. Programación anual, revisable por trimestres, antes das sesións de avaliación e durante as mesmas.

**h) Temporalización**

Durante o primeiro trimestre levaranse a cabo principalmente actividades de carácter preventivo, e as de carácter extraordianario establecidas e avaliadas o pasado curso.

As medidas ordinarias desenvolveranse ó longo de todo o curso, mentres que as extraordinarias ubicaranse fundamentalmente nos momentos nos que teñamos constancia, enviando a documentación requerida á autoridade pertinente, nos prazos establecidos na normativa educativa vixente, que ao longo do primeiro trimestre.

**I) Avaliación**

Indicadores:

- Número de informes revisados
- Número de demandas atendidas
- Grao de consecución no seguimento trimestral das medidas de reforzo e/ou adaptacións curriculares, de ser o caso.

Procedimento:

Informe trimestral que será entregado á Xefatura de estudos cada trimestre. Informarase tamén ao resto de membros do Departamento de Orientación.

O horario da profesora de PT elaborarase conxuntamente coa responsable da orientación na segunda semana de setembro. Incluirá o nome do alumnado atendido, modalide de reforzo ou apoio (dentro ou fora da aula, individual ou en pequeno grupo), materias implicadas e profesorado titular responsable de cada materia. Unha vez elaborado será remitido á Xefatura de estudos, tamén calquera cambio que aconteza ao longo do curso.

***7.2 CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL***

A acción titorial forma parte da función docente. Desde esta perspectiva, a titoría debe incorporar elementos que complementan o puramente académico. Debe contribuír ao desenvolvemento de competencias clave relacionadas coa comunicación asertiva, competencia social e cívica, de aprender a aprender e iniciativa e espíritu emprendor. Éstas son as que priorizamos. Comeza cando o alumnado chega ao instituto, nas Xornadas de acollida. A orientadora colabora coa Xefatura de estudos na presentación de benvida e percorrido polas dependencias do centro, especialmente nos niveles de 1º ESO, 1º FPB e 1º bacharelato, posto que hai alumnos e alumnas que se escolarizan por primeira vez no noso centro. O pecorrrido polo centro só se efectúa para o alumnado por 1º ESO por grupos-clase.

Neste curso, as xornadas de información ás familias terán carácter presencial e levaranse a cabo a mediados do mes do outubro. O Departamento de orientación colaborará especialmente coas familias con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e de nova escolarización.

Procurarase en todo momento impulsar a titoría, sobre todo, no referido ao desenvolvemento psicosocial do alumnado, así como a optimización do proceso de ensino-aprendizaxe.

Nos dous primeiros anos (1º e 2º da ESO) os alumnos/as centraranse no desenvolvemento psicosocial referido estratexias que favorezan identificación de emocións, recoñecemento propio das mesmas, cohesión de grupo e optimización do proceso de aprendizaxe instaurando hábitos no emprego de estratexias de traballo intelectual.

Desde 2º e 3º ESO a incorporación a FPB farase segundo o perfil do alumno/a, baseado nas posibilidades que teña de titutar e na preferencia por actividades de iniciación profesional. Tamén é necesario que amose actitude positiva hacia o estudo. Informarase cumplidamente sobre a oferta de FPB provincial e autonómica.

Para o conxunto do alumnado terán que recibir información precisa sobre a dobre vía: Ensinanzas aplicadas ou Ensinanzas académicas e as implicacións de elexir cada unha de elas. Farase de 2º ESO a 3º ESO e de 3º ESO a 4ªESO.

En 4º da ESO desde o Departamento de Orientación, xunto coas titorías, planificarase toda unha serie de charlas informativas (presenciais ou telemáticas) para informalos sobre as modalidades de bacharelato do noso centro e a vinculación cos estudios posteriores, as materias optativas que pode e debe escoller en función do que pensen seguir estudando. Así mesmo haberá que darlles información de páxinas oficiais e contactos @, sobre as distintas posibilidades que se lles presenta na nova Formación Profesional: Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior, horas de cada un deles, saídas profesionais vinculantes, Centros nos que se imparten e vías de acceso e proceso administrativo para facer a solicitude e matrícula.

O Departamento de orientación pretende acadar que cando os/as alumnos/as rematen a ESO teñan claro:

- qué poden estudar
- onde poden estudar iso que queren estudar
- que itinerarios deben escoller para ir a onde queren ir
- a que postos de traballo poden aspirar con cada Ciclo Formativo
- que materias e/ou modalidade de bacharelato lles van esixir para poder facer certos Ciclos de grao superior, así como materias vinculantes.
- Probas de acceso a ciclos de grao medido: procedento administrativo, lugar e data de exámenes.
- Modalidades de bacharelato e graos universitarios.

Tamén asume o Departamento de orientación a obriga de informar ós/ás alumnos/as sobre as posibilidades de acceder ó mundo do traballo:

- postos aos que se pode acceder desde a ESO
- oposicións ás que pode presentarse
- exámenes de ingreso ós que pode presentarse para entrar en escolas militares e forzas e corpos de seguridade do Estado, etc.

Darlles unha mínima preparación para a “busca de emprego”. Haberá alumnado que ao remate da ESO (co título de Graduado en Secundaria ou non) quererán buscar traballo. Para eles é necesario coñecer unhas mínimas normas sobre cómo presentarse a unha entrevista, cómo facer un

pequeno currículo, etc. Asemade, animar sempre a que se continúe a formación no sistema educativo pola Educación de adultos.

As premisas básicas que se persiguen son:

- Asegurar coherencia entre os PATs e as necesidades do contexto socioeducativo, coherentes cos principios do noso Proxecto educativo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e no centro e fomentar a súa participación activa.
- Desenvolver habilidades que posibiliten un desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas. Contribuír á persoalización da Educación.
- Apoiar o proceso en xeral de aprendizaxe do alumnado, atendendo e respectando as características individuais.
- Mellorar o rendemento académico mediante a utilización de Técnicas de traballo intelectual.
- Establecer actuacións relacionadas coa educación en igualdade entre mulleres e homes, o bo trato, respeto a identidade de xénero e coidado dos espazos e contorna natural.
- Desenvolver a madurez persoal do alumnado e a súa toma de decisións.
- Promover a comunicación e colaboración Familia – Centro educativo.

**A) As actuacións do Departamento de Orientación en relació aos PATs serán:**

- Delimitar e establecer un marco de actuación xeral no centro baseado nos principios recollidos no Proxecto educativo de centro de inclusión, igualdade, respeto á diversidade, tolerancia cero ante calquera forma de violencia ou discriminación e conciencia ecolóxica.
- O Departamento de Orientación deseña actividades anuais seguindo as necesidades que se plantexan ao remate do pasado curso e os criterios estalecidos en Claustros e CCPs do actual.
- Facilitará recursos funcionais e asesoramento ás titorías, buscando unha optimización de estruturas e mellora das mesmas.
- O profesorado colaborarán coas titorías nas actividades do PAT.
- As titorías coordinarán os procesos de avaliación do seu grupo de alumnos/as e presidirán as sesións de avaliación.
- Atención as familias ou titores legais. Neste curso, por motivos de seguridade sanitaria, facilitarase a información por vía telefónica e telemática, mediante a páxina web, correos

electrónicos e aula virtual do centro.

- A estructura organizativa basearase nos principios:
    - Aberta e flexible.
    - Favorecedora do cambio e dinámica.
    - Finalista, intencional e planificada.
    - Continua e sistemática.
    - Consensuada e participativa.
    - Adaptada á realidade do PEC.

Esta programación será flexible, podendo sufrir algunha variación coa finalidade de adecuarse á realidade a que se pretende atender.

**B) Recursos**

1) Humanos: Titorías, Departamento de Orientación, Xefatura de estudos, persoal externo ao centro e autorizado polo mesmo. Este curso está previsto que interveñan dinamizadoras en igualdade, dinamizadora da asociación AVANTE, persoal sanitario do centro de saúde e do concello do Grove, Cruz vermella de Pontevedra, técnicos de orientación laboral.

2) Materiais: Aulas de cada grupo-clase, material de reprografía, materiais elaborados polo Departamento de orientación que figuran la web do centro e, próximamente nun curso aberto na Aula virtual.

Material proporcionado por institucións e persoal especializado externo ao centro.

**C) Temporalización**

O Departamento de Orientación colaborará e apoiará ao profesorado no desempeño da súa función titorial, facilitándolle asesoramento e o material que precisen para o seu desenvolvemento. Neste curso, as reunións coas titorías teñen un horario fixo semanal.

- Titoría 1º ESO, xoves a 5ª hora.
- Titoría 2º ESO, martes a 5ª hora.
- Titoría 3º ESO, martes a 3º hora.
- Titoría 4º ESO, mércores a 4º hora
- Titoría FPB-1, por determinar.

Faranse de forma presencial no Departamento de Orientación.

As propostas recóllense ao inicio de curso, partindo de tres niveis:

- Propostas suxeridas polo alumnado.
- Propostas propostas polas titorias e, de ser o caso, polos equipos docentes.
- Propostas incluidas ao longo do curso polo seu intereses que xunden de iniciativas externas. Son institucións ou personas particulares que ofrecen os seus servizos ao instituto. Aténdese aquelas que resultan coherentes e complementarias cos temas programados no Plan de acción titorial. Neste curso, fomentarase intervencións presenciais nas aulas de cada grupo-clase ou en espazos que garanticen o adecuado distanciamento social.
- Propostas efectuadas polas familias.

O programa de acción titorial desenvolverase ó longo do curso, programando as actividades por trimestres.

**D) Avaliación**

O Departamento de Orientación ven avaliando as actividades propostas por tres fontes cos seus correspondentes instrumentos de medida:

- Reunións de titorías.
- Alumnado. Sondeos que pasan os titores/as despois de cada bloque de actividades referidas a charlas, coloquios, temas de interese.
- Orientadora. Grao de cumplimento das actividades propostas. Recollida de suxestión de mellora por parte do profesorado e alumnado.

## PROGRAMACION DE ACTIVIDADES TITORIAIS

**PRIMEIRO TRIMESTRE**

| OBXECTIVOS | ACTIVIDADES | MATERIAL |
|---|---|---|
| Recibir e acoller aos alumnos/as, priorizando aos de 1º ESO e 1º FPB<br>Saúdo ao alumnado de 1º bach procedente de outros centros. | Aulas de cada grupo-clase<br>Na aula de FPB 1º<br>Nas aulas de 1º bach | Arquivo elaborado pola Xefatura de estudos. Inclúe guía de actividades do Departamento de Orientación. |
| Facer o intecambio de información relevante co profesorado implicado. | Reunións titorías semanais/quincenais. | Listas de alumnos, expedientes, historial escolar Xade, informes orientación.<br>Táboa de recollida de información e conselos orientadores. |
| Explicar ao alumnnado todo o referente á vida e funcionamento do Centro. | Reunións titoriais. | Guión coa información máis relevante. |
| Informar ao alumnado sobre as NOF e normas de aula. | Reunións titoriais. Proposta para traballar as normas de clase mediante dúas opción baseada na metodoloxía de coxestión de aula. | Presentación ás titorías dous modelos de coxestión da aula onde os alumnos elaboran as normas de aula e as consecuencias en caso de incumprimento. |
| Obter máis información sobre os grupos de alumnos/as. | Reunións titoriais traballo sobre dinámicas de grupo e sociogramas, se o requiren. | Modelos de sociogramas, enquisas, observación de aula e patios. |
| Elexir ao representante de cada grupo. | Reunións titoriais. | Reflexión sobre as características persoais do representante. Prazos adecuados para coñecer a cada alumno/a.<br>Documento dixitalizado. |

| | | |
|---|---|---|
| Coñecer ou profundizar no coñecemento de alumnos/as en concreto. | Reunións titorias, estudo da información previa, entrevistas personalizadas, probas psicométricas e curriculares. | Historial académico e socioeducativo, probas de nivel, probas psicopedagóxica. |
| Proporcionar aos titores modelos de recollida de datos relevantes de alumnos/as. | Reunións titoriais.<br>Correos electrónicos corporativos.<br>Videoconferencias pola plataforma Cisco Webex | Modelos de recollida de datos en soporte papel e dixital. |
| Participar na avaliación inicial do alumnado aportando información relevante para articular medidas educativas individualizadas ou grupais. | Asistencia as reunións de avaliación inicial de cada grupo-clase. Recoller por escrito acordos referidos a propostas de avaliacións psicopedagóxicas, medidas educativas ordinarias, extraordinarias asesoramento ou traballo coas familias. | Táboa de recollida de información relevante de cada alumno/a. Relación de propostas de cada equipo docente e cotexo coas actas.<br>Colaboración coa Xefatura de estudos. |
| Contribuir a recabar e aportar información relevante as familias. | Colaboración das titorías e profesarado de materia e/ou profesora de PT. | Modelo de entrevistas con pais/nais ou titores legais con recollida de acordos relevantes. |
| Asesorar en cumprimentar fichas de seguimento de alumnos/as. | Reunións titoriais e convocatoria dos equipos docentes implicados. | Presentación aos titores de un modelo de seguemento diario do rendimento académico e de comportamento de alumnos/as que o precisan. |
| Proporcionar aos titores protocolos de actuación para intervir en caso de impuntualidade e/ou faltas de asistencia. | Reunións titoriais e coa Xefatura de estudos. | Reflexión sobre as NOF e presentación de protocolo de actuación en caso de absentismo escolar, tendo en conta a normativa COVID-19. |
| Selección/formación alumnado mediador socioemocional. | Reunións co profesorado formado en mediación, titores e xefa de estudos | Presentación do calendario de tarefas e actividades.<br>Presentación de actividades, espazos e temporalización das mesmas. |
| **AVALIACIÓN INICIAL**<br>Asesorar en cumprimentar documentación de medidas de reforzo, exención da 2 Lingua estranxeira e de Acis. | Reunións titoriais e convocatoria dos equipos docentes implicados.<br>Alumnado propostos polos CEIPs adscritos. | Modelo de Informe incluido no Plan de atención á diversidade.<br>Autorización asinada polos pais/nais ou titores legais. |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| Contribuir a informar as familias dos resultados acadados polos seus fillos tras a avaliación inicial. | Reunións conxuntas das titorías, orientadora e/o profesor de PT, respetando aforo en cada espazo. Correos electrónicos corporativos. Comunicación telefónica. | Presentación de informes, probas e resultados de exámes de nivel. |
| Proporcionar asesoramento e pautas as familias para traballar na casa. Colaborar divulgación información para recuperar materias pendentes. | Reunións conxuntas dos titores, orientadora e/o profesor de PT. Divulgación na web. Correos electrónicos corporativos. Comunicación telefónica. | Pautas por escrito. Modelos de autorización para realizar a avaliación psicopedagóxica, proporcionar reforzos educativos ou adaptacións do curriculo. |
| **1º AVALIACIÓN** | Sesión de avaliación. | Táboa coa informacion recollida de cada alumno/a. Relación de actuacións efectuadas en relación aos acordos tomados na avaliación inicial. Exposición de resultados. |

**PROPOSTA DE ACTIVIDADES:**

**PARA TODOS OS NIVELES DA ESO E FPB**

